

EXERCICIOS LÉXICO DA CIDADE

1. Completa coa palabra que corresponda a cada definición

- a. Entidade de poboación máis pequena ca a cidade e máis grande ca a aldea
- b. Estrada especialmente preparada para unha circulación rápida e segura, con calzadas de dous ou máis carrís para cada sentido
- c. Camiño de carros estreito e profundo, que discorre xeralmente entre valos, cómaros ou outras elevacións do terreo
- d. Lugar onde se enterran os mortos
- e. Establecemento situado á beira das estradas ou das rúas, onde se lles subministra combustible aos automóbiles
- f. Construción na marxe dun río ou do mar, que polo xeral forma parte dun porto e que se utiliza principalmente para facilitar o embarque e desembarque
- g. Caixa que hai na oficina do correo e en distintos puntos da vía pública, onde se depositan as cartas para seren posteriormente recollidas e mandadas ao seu destino.
- h. Conduto, xeralmente subterráneo, polo que se evacúan as augas da chuvia e as procedentes de residuos das vivendas, da industria etc.
- i. Recipiente no que se recolle algo, especialmente residuos
- j. Máquina dotada dun brazo xiratorio que permite levantar e mover grandes pesos dentro do raio que este brazo alcanza.

k. Lugar destinado para aparcar.

2. Indica as palabras que corresponden ás seguintes definicións

- Intersección de camiños, rúas ou estradas. →
- Rúa longa e ancha, xeralmente adornada con árbores ás beiras. →
- Aparello que se fai soar nos automóbiles para facer sinais. →
- Planta de tamaño grande, con tronco leñoso e elevado que se divide en pólas a partir de certa altura. →
- Conducir, dirixir un vehículo. →
- Vehículo utilitario de catro rodas movido pola acción dun motor. →
- Ir polo bordo ou polas proximidades dun lugar. →
- Espazo urbano amplo, sen edificar e rodeado de edificios, onde adoitan confluír varias rúas.
→
- Poste de sinalización, con luces de cores que se acenden e apagan automaticamente, para orientar e ordenar o tráfico nas rúas e nas estradas. →
- Movemento ou circulación de vehículos. →
- Construción grande dedicada a vivendas ou a outros usos. →
- Gran concentración de vehículos nun punto dunha estrada ou rúa dificultando ou impedindo a circulación. →

3. Completa agora este texto coas palabras anteriores

Na cidade sucedíanse os ciclos de calma e crispación. Unha enérxica muller maior sacaba un brazo e a cabeza pola xanela do seu escangallado, color verde vincha; na chapa, grandes áreas pintadas de gris verdoso. A vella, coa súa voz rouca e impotente

baixo a barafunda do , protestaba. Unha muller moito máis nova, impasible ao volante do seu carmín granza, agardaba que a vella se retirase marcha atrás. E a vella berraba.

Os atascados detrás da muller vella e mais da nova tocaban a , e os condutores bracexaban e berraban imprecacións inauditas. E algún baixaba do , disposto a poñer orde, pero apenas outro se desprazaba dúas cuartas no , o árbitro xa volvía sentar ao volante renunciando á súa misión pacificadora. Por fin a vella, sen parar de falar ela soa mentres forcexaba para , acabou de retirarse. Segundo me afastaba do , puiden ver como a cola de se ía estirando e pouco a pouco recuperaba o a súa fluidez normal, é dicir, a fluidez dunha columna de tartarugas peregrinas.

Optei por a en dirección contraria ás agullas do reloxo. Agardaba no unha muller cunha recua de nenos, todos collidos da man. Un dos nenos sorría. Miraba o sen velo, sen decatarse de que estaban diante dun , e sorría dunha forma que me contaxiou dez ou doce segundos de calma. Cruzamos e o conxunto de muller e nenos torceu noutra dirección. Quedei parado un intre a mirar as súas cabezas radiantemente afastarse mentres rían e falaban, gozosos coma pardais.

A , demasiado estreita, afogaba entre os desmesurados, coa colaboración do As súas raquíticas estaban tan asoballadas naquel ambiente inimigo de calquera forma de vida que realmente eran irrecoñecibles. Aquelas vivían por defecto, milagrosamente alentadas por escasas racións de aire limpo, sol e auga que recibían do ceo coma unha esmola. Lembrei que noutro tempo existiran de maior tamaño e corpulencia naquela rúa, quizais laranxeiras ou camelios, pero foran taladas e substituídas por estoutras varas peladas que, sen dúbida, nunca chegarían a medrar o suficiente como para molestar as autoridades.

Xosé Cid Cabido, Panificadora (adaptación)